DATOS & INFORMES

CONSELLO DA CULTURA GALEGA
OBSERVATORIO DA CULTURA GALEGA

Web
consellodacultura.org

Twitter:
@consellocultura

Facebook:
facebook.com/consellocultura

Correo:
medios@consellodacultura.org

Telf:
+34 981 95 72 02

►04/03/2015

Panorama estatístico das artes escénicas galegas

O informe que se desenvolve a continuación está conformado por unha serie de indicadores sobre o panorama galego no ámbito das artes escénicas, dende o estudo das actividades desenvolvidas ata a incidencia noutras ámbitos como o económico, laboral ou educativo. Para os resultados sobre produción, asistencia e recadación de teatro, danza e xénero lírico as fontes estatísticas que se manexan proveñen do Instituto Nacional de las Artes Escénicas y de la Música a través da explotación estatística das Bases de Datos de Recursos de las Artes Escénicas e das Bases de Datos de Recursos de la Música y la Danza. Tamén se extraen datos do Anuario de las Artes Escénicas, Musicales y Audiovisuales da Sociedad General de Autores de España. Os resultados sobre o ámbito educativo están extraídos da Estadística de las Enseñanzas no universitarias. Para a análise do gasto privado utilizouse a Encuesta de Presupuestos Familiares e para o ámbito laboral acudiuse ao Instituto Galego das Cualificacións e á explotación que fai o Instituto Galego de Estatística das Afiliacións á Seguridade Social. Por último, realizouse unha explotación específica do Sistema de Análise de Balances Ibéricos para avaliar o comportamento do sector privado das artes escénicas.

Marco conceptual

A UNESCO clasifica as actividades de artes escénicas e musicais dentro do dominio "presentacións artísticas e celebracións" que inclúen todo tipo de eventos culturais en vivo.

As artes escénicas comprenden actividades profesionais ou de afeccionados relacionadas co teatro, a danza, a ópera, o teatro de monicreques, a maxia e o circo. Adicionalmente inclúe eventos culturais de celebración (festivais, festas e feiras) de carácter local e que poden ser de natureza informal.

O Ministerio de Educación, Cultura y Deporte define este sector tendo en conta o marco estatístico da Unión Europea. Así, en cada sector a delimitación daquelas actividades que han de considerarse culturais require observar unha segunda dimensión: a situación de cada unha delas na cadea produtiva de bens e servizos culturais.

As artes escénicas, de acordo coa SGAE, inclúen teatro (que abrangue, ademais de representacións teatrais, outras manifestación teatrais como mimo, monicreques, etc), danza (clásica e co ntemporánea) e l írica (ópera e zarzuela). A Axencia Galega de Industrias Culturais engade ademais a categoría de circo, en consonancia co marco da UNESCO.

A continuación debúllase polo miúdo a situación actual dos dous bloques principais que configuran o apartado: artes escénicas e danza e xénero lírico

Teatro

Para analizar este apartado, estúdanse primeiro os datos sobre espazos escénicos en Galicia e os indicadores de actividade nas artes escénicas que se resumen principalmente en número de representacións, número de espectadores e recadación.

Hai que ter en conta que dende 2010 o AGADIC deixou de publicar o boletín *e_scena*. Aquel traballo incluía informe periódicos con datos de funcións, público, ocupación (en %) e facturación da RGTA. As series foron recompiladas e publicadas polo Observatorio da Cultura entre 2007 e 2010. Por aquel entón, a ocupación das salas de teatro oscilaba entre o 30 e o 40%. A facturación por función oscilaba entre 450€ e 550€.

O número de espazos de teatro en Galicia sitúase na mesma cifra que hai sete anos, 86. Como se observa na seguinte táboa hai certa estabilidade, cunha suba entre os anos 2009 e 2012 no caso de Galicia e no bienio 2011-2012 no conxunto estatal. En 2013 pérdense respecto ao ano anterior catro espazos na comunidade galega e 115 no total España.

Espazos escénicos teatrais estables. España-Galicia. Serie temporal 2007-2013

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Total España	1 539	1 506	1 518	1 528	1 621	1 605	1 490
Por 100.000 hab.	3,5	3,3	3,3	3,3	3,5	3,5	3,2
Total Galicia	86	85	89	89	89	90	86
Por 100.000 hab.	3,2	3,1	3,2	3,2	3,3	3,3	3,1

Fonte: INAEM: Explotación estatística da base de datos de Recursos das Artes Escénicas

Algo similar ocorre coas compañías de teatro, que pasan de ser 221 en 2012 a 213 en 2013, un descenso que comezou tanto no caso de Galicia como no total España dous anos antes, como se ve na seguinte táboa de evolución.

Compañías de teatro. España-Galicia. Serie temporal 2007-2013

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
TOTAL	3 386	3 626	3 722	3 803	3 626	3 261	3 227
Galicia	221	249	267	267	249	221	213

Fonte: INAEM: Explotación estatística da base de datos de Recursos das Artes Escénicas

Malia que non se especifica na metodoloxía, na base de datos de Recursos das Artes Escénicas recóllense compañías profesionais e amadoras, públicas e privadas.

No marco das comunidades autónomas, Galicia ocupa a quinta posición en número de compañías (213), despois de Cataluña, Madrid, Andalucía e a Comunidade Valenciana. Isto supón un 6,6% do total das compañías de teatro de todo o Estado (3 227). Como se ve a continuación na gráfica, un 42,8% das compañías de teatro existentes corresponden ás comunidades de Madrid e Cataluña.

Compañías de teatro por comunidade autónoma. Ano 2013



Fonte: INAEM: Explotación estatística da base de datos de Recursos das Artes Escénicas

Número de representacións de obras teatrais

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Total España	67 006	68 573	65 472	62 560	56 683	50 833	48 610
Galicia	2 747	2 597	2 944	2 611	1 857	1 506	1 495

Fonte: SGAE: Anuario de las Artes Escénicas, Musicales y Audiovisuales

A oferta de teatro pechou 2013 con 1 495 funcións teatrais, 11 menos respecto ao ano 2012. A baixada máis acentuada dábase en 2011, ano no que por primeira vez as representacións quedaban por debaixo das 2 000 (pasaron de 2 611 a 1 857, un perda de 754 funcións). Nos últimos cinco anos, como se ve na táboa anterior se representáronse case a metade de funcións teatrais. O mesmo sucedeu no resto de España, cunha baixada xeral de 2 223 funcións no último ano. A tendencia para Galicia e para o conxunto do Estado semella negativa, cun decrecemento constante que principiaba en ambos os dous casos en 2010.

Na seguinte táboa exponse o número de representacións celebradas en cada comunidade autónoma en 2013. De maior a menor, Galicia ocupa o oitavo posto.

Número de representacións de obras teatrais en 2013. Comparativa autonómica.



Fonte: SGAE: Anuario de las Artes Escénicas, Musicales y Audiovisuales

Non hai que esquecer que máis da metade da oferta estatal, concretamente un 52,7%, aglutínaa Cataluña e a Comunidade de Madrid (21,8% e 31% respectivamente)

Na mesma liña descendente se comporta a afluencia de público. O número de espectadores empezou a baixar en Galicia no a no 2008 e cada ano é menor, agravándose en 2013, cunha caída en Galicia de 42 000 espectadores. No ámbito estatal a perda no último ano de estudo é de 373 000. Como se pode comprobar, hai unha relación entre a baixada de espectadores e o peche de compañías de teatro.

Dende 2007 Galicia perdeu 225 mil espectadores. En total, no conxunto de España esta cifra acada os 4,7 millóns de espectadores menos.

Número de espectadores de obras teatrais (miles de espectadores)

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Total España	15 896	16 652	15 619	14 443	12 684	11 534	11 161
Galicia	580	563	549	491	430	397	355

Fonte: SGAE: Anuario de las Artes Escénicas, Musicales y Audiovisuales

O número de espectadores por cada función teatral en Galicia supera a media estatal a partir de 2011 como se ve na seguinte gráfica.

Número de espectadores por representación. Comparativa España-Galicia.



Fonte: SGAE: Anuario de las Artes Escénicas, Musicales y Audiovisuales

Esta situación repercute loxicamente na recadación. Con todo, a comunidade galega experimenta unha baixada case inapreciable en 2013 de 4 00 0 euros, unha cifra notablemente inferior á do ano anterior (77 000 euros). Algo moi similar sucede no resto do Estado, que na suma global ingresa 3,5 millóns de euros menos. Na análise por comunidade contense por primeira vez a baixada, chegando incluso a aumentar a

recadación nalgunhas rexións como a valenciana, País Vasco, Asturias, A Rioxa, Estremadura e Murcia. Madrid e Cataluña seguen a absorber entre as dúas un 72,9% da recadación total (52,5% e 20,4% respectivamente).

Recadación de teatro (miles de euros)

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Total España	188 966	200 354	206 613	200 769	183 317	172 163	168 655
Galicia	2 490	2 539	3 200	2 607	2 445	2 368	2 364
Porcentaxe	1,3	1,3	1,5	1,3	1,3	1,4	1,4

Fonte: SGAE: Anuario de las Artes Escénicas, Musicales y Audiovisuales

No que respecta ao gasto medio por habitante, os espectadores galegos desembolsaron en 2013 unha media de 6,7 euros en funcións teatrais, 0,7 céntimos de euro máis que en 2012, pero 8,4 euros por debaixo da media estatal, que se sitúa en 15,1 euros. Só Madrid, Cataluña e Canarias superan esta media. O aumento do g asto en Galicia extrapólase ao resto das comunidades autónomas, a excepción de Madrid, Andalucía, Canarias, Navarra e as cidades autónomas nas que aumenta lixeiramente respecto ao ano anterior. É obvio que hai variable que inciden nos resultados, como o pr ezo da entrada ou a situación xeográfica. A seguinte gráfica amosa unha comparativa do gasto medio por espectador e por comunidade autónoma en 2013.

Gasto medio (euros) por espectador en representacións teatrais. Ano 2013



Fonte: SGAE: Anuario de las Artes Escénicas, Musicales y Audiovisuales

Como se pode ver na seguinte gráfica, dáse unha relación inversa entre o prezo medio das entradas e a asistencia.

Espectadores de teatro e prezo medio das entradas



Fonte: SGAE: Anuario de las Artes Escénicas, Musicales y Audiovisuales

Nos últimos dous anos desapareceron en Galicia 10 festivais teatrais e 137 no conxunto do estado. Con todo, en 2013 o número de certames aumentou en 22 no total España, como consecuencia do crecemento destes en todas as comunidades autónomas, a excepción de Madrid, Galicia e Estremadura que perderon 9,3 e 1 respectivamente.

Número de Festivais teatrais. Comparativa España-Galicia, 2011-2013

	2011	2012	2013
Total España	793	634	656
Galicia	56	49	46
Porcentaxe galega	7,1	7,7	7,0

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Instituto Nacional de las Artes Escénicas y de la Música. Explotación Estadística de las Bases de Datos de Recursos de las Artes Escénicas.

Evolución comparativa España-Galicia do gasto medio do consumo cultural dos fogares en espectáculos. Serie temporal 2007-2013



Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta de Presupuestos Familiares.

Como se ve, o gasto medio por fogar segue una tendencia decrecente similar en España e Galicia. É destacable que o gasto medio por fogar galego supoña menos da metade do total nacional que se sitúa en 77,8 euros. De feito Galicia é a comunidade onde menos gasto fan os fogares en espectáculos, por detrás de Estremadura (46,5 euros), Castela e León (48,6 euros) e moi por detrás de Madrid (135,5 euros) ou A Rioxa (148,6 euros), esta última comunidade foi a que experimentou o maior aumento de todo o territorio español, case 40 euros máis que en 2012.

Gasto medio por fogar en espectáculos. Comparativa autonómica. ano 2013



Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta de Presupuestos Familiares

En xeral, e como se v e na seguinte táboa de evolución, o gasto total dos fogares experimenta unha baixada progresiva nos últimos sete anos. Segundo os datos de 2013, Galicia perdeu case 1,5 millóns de euros respecto a 2012, dun total de case 97 millóns de euros no conxunto do Estado. Nunha visión global da serie temporal 2007-2013, a comunidade galega gastou case 3 5 millóns de euros menos mentres que no total de España baixou o gasto en 718,7 millóns de euros. Por comunidades autónomas, a maior baixada nos sete anos experiméntaa Cataluña cunha perda de 298,3 millóns seguida de Madrid con 111 millóns de euros.

Evolución do gasto total dos fogares en espectáculos (millóns de euros). Comparativa España-Galicia. Serie temporal 2007-2013

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
España	2 135,2	1 907,3	1 925,3	1 884,7	1 712,9	1 513,4	1 416,5
Galicia	73,8	66,0	58,9	52,4	47,6	40,4	39,0
Porcentaxe	3,5	3,5	3,1	2,8	2,8	2,7	2,8

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta de Presupuestos Familiares

Con respecto das ensinanzas do teatro, en Galicia só existe unha escola de arte dramática de titularidade pública, trátase da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESAD) emprazada no c oncello de Vigo. No conxunto do E stado existen 16 centros, distribuídos en 11 comunidades autónomas. Tan só Andalucía con 3 e Canarias, Cataluña e Madrid con 2, dispoñen de máis dun.

Número de centros de arte dramática. Serie temporal 2007-2013

	2007-2008	2008-2009	2009-2010	2010-2011	2011-2012	2012-2013
Total España	13	13	14	14	15	16
Galicia	1	1	1	1	1	1

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Estadística de las Enseñanzas no universitarias.

No tocante ao profesorado de arte dramática, Galicia conta na actualidade con 42 mestres, dous máis que en 2012. No cómputo global da serie estudada, a comunidade galega dispón de 14 profesores máis agora que hai sete anos, tal e como se aprecia na seguinte táboa. No total de España aínda que se perde un mestre, acádanse os 580, 66 máis que en 2007.

Profesorado de arte dramática. Serie temporal 2007-2013

	2007-2008	2008-2009	2009-2010	2010-2011	2011-2012	2012-2013
España	514	505	537	550	581	580
Galicia	28	40	38	38	40	42

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Estadística de las Enseñanzas no universitarias.

En canto ao alumnado, Galicia rompe a tendencia dos últimos anos e baixa por primeira vez en 8 a lumnos, aínda así o incremento do alumnado nos últimos seis cursos estudados e do 79,1%. No conxunto de España o aumento dos alumnos é progresivo en todos os cursos analizados, cun incremento entre o curso 2007-2008 e 2012-2013 dun 24,8%.

Alumnado matriculado en arte dramática. Serie temporal 2007-2013

	2007-2008	2008-2009	2009-2010	2010-2011	2011-2012	2012-2013
Total España	1 779	1 872	2 019	2 092	2 177	2 221
Galicia	91	114	116	161	171	163

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Estadística de las Enseñanzas no universitarias.

De acordo co Instituto Galego das Cualificacións, as profesións que exercerían actividades de artes escénicas entrarían dentro do sector de información e manifestacións artísticas. As principais son as seguintes:

- Actores.
- Pallasos, ilusionistas, artistas de marionetas e monicreques.
- Directores teatrais ou de escena.
- Escenógrafos, decoradores de cinema, televisión e teatro.
- Atrezistas
- Técnicos en iluminación de teatro, cinema e televisión.

O denominador común do perfil destas profesións é de persoas novas de entre 26 e 35 anos, cunha ocupación feminina dun 30%. A presenza do persoas novas é baixa neste sector cando se trata de postos de dirección. A estabilidade laboral é baixa, salvo no caso dos escenógrafos e decoradores de cinema, televisión e teatro.

O número de contratados e contratos neste ámbito foi, no cuarto trimestre do 2014 como segue:

Número de contratos anuais e de persoas contratadas nas profesións das artes escénicas

Profesións	Contratados	Contratos anuais
Actores	2 333	7 975
Pallasos, ilusionistas, artistas de marionetas e monicreques	498	1 139
Directores de cinema, de teatro e afíns	507	1 039
Escenógrafos, decoradores de cinema, televisión e teatro	156	258

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións

Respecto ao número de afiliacións á Seguridade Social nas artes escénicas, que se atopan dentro epígrafe '90 Actividades de creación, artísticas e espectáculos', aumentou en 2014 tanto en Galicia como no total do Estado. Como se observa na seguinte gráfica, a comunidade galega despois de experimentar unha baixada no b ienio 2012-2013 remonta en 2014 coa inscrición de 153 a filiados máis, ata acadar un total de 1 880 afiliados.

Afiliados á Seguridade Social na rama de actividades de creación, artísticas e espectáculos e no total de actividades



Fonte: Instituto Galego de Estatística. Afiliacións á Seguridade Social

Danza e xénero lírico

O segundo bloque corresponde á danza e ao xénero lírico (ópera e zarzuela) para cuxa análise se tomaron como fontes principais a Base de Datos de Recursos de la Música y la Danza do Instituto Nacional de las Artes Escénicas y de la Música e o Anuario de las Artes Escénicas y Musicales da SGAE.

Se se observan os datos da seguinte táboa, pódese constatar que en Galicia a evolución do número de compañías de danza aumenta paulatinamente entre 2007 e 2013, coa creación de 12 compañías nestes sete anos. No conxunto de España a súa evolución neste período é tamén positiva crecendo de xeito constante ata chegar ás 913 compañías (191 máis que en 2007).

Compañías de danza en Galicia

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
España	722	778	803	843	875	889	913
Galicia	73	75	75	77	81	83	85

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Instituto Nacional de Artes Escénicas y de la Música. Explotación Estadística de las Bases de Datos de Recursos de la Música y la Danza.

Os datos de número de representacións, asistencia, recadación e gasto medio por espectador preséntanse en táboas comúns para ambas as dúas disciplinas artísticas: a danza e o xénero lírico.

Mentres que as representacións de danza seguen a descender en 2013 por cuarto ano consecutivo, as de calquera disciplina do xénero lírico aumentan con respecto ao 2012 con 22 funcións, colocándose por riba das celebradas en 2010, aínda que moi lonxe das 51 de 2009.

Número de representacións do xénero lírico e de danza. Comparativa total España-Galicia. Serie temporal 2007-2013

	Danza		Xénero lírico	
	Total España	Galicia	Total España	Galicia
2007	4 812	183	1 641	38
2008	4 667	159	1 723	41
2009	4 325	169	1 720	51
2010	3 529	134	1 547	20
2011	3 039	106	1 446	14
2012	2 633	91	1 314	14
2013	2 354	77	1 233	22

Fonte: SGAE. Anuario de las artes escénicas, musicales y audiovisuales.

No que se refire ao número de espectadores de danza, a evolución tanto no conxunto do Estado como en Galicia é negativa de xeito continuado nos últimos sete anos. Non sucede o mesmo co xénero lírico que, en 2013 gaña na comunidade galega 3 000 espectadores, aínda que, como se observa na seguinte táboa, a preferencia dos galegos pola danza dobra practicamente aos do xénero lírico en toda a serie temporal analizada.

Espectadores do xénero lírico e de danza (en miles). Comparativa total España-Galicia. Serie temporal 2007-2013

	Xénero lírico		Danza	
	Total España	Galicia	Total España	Galicia
2007	1 237	25	1 649	42
2008	1 275	26	1 628	62
2009	1 204	26	1 476	64
2010	1 084	10	1 333	43
2011	991	12	1 188	46
2012	805	10	1 066	41
2013	738	13	954	35

Fonte: SGAE. Anuario de las artes escénicas, musicales y audiovisuales.

A gráfica seguinte amosa o número de espectadores que asistiron a representacións de danza e xénero lírico no último ano de estudo en cada comunidade autónoma. O 52,8% do público total de xénero lírico correspóndelles ás comunidades de Madrid e Cataluña; en danza absorben o 48,1%. Con todo, hai que salientar que entre as dúas perden 117.000 espectadores en ambas disciplinas (un 14% do total do público perdido).

Espectadores (miles) de xénero lírico e danza, por comunidade autónoma. 2013



Fonte: SGAE. Anuario de las artes escénicas, musicales y audiovisuales.

En Galicia os resultados do xénero lírico seguen a desmarcarse dos de danza tamén no que se refire á recadación. Así, ás 22 representacións deste xénero (8 máis que en 2012); e aos 13 000 espectadores (3 000 máis que o ano anterior) hai que engadir unha recadación dun 15,1% máis. O peor dato sería o gasto medio por espectador que sitúa en 9 euros case 1 euro menos que en 2012 e un descenso de máis da metade respecto ao ano 2010 no que o gasto por espectador era de 18,8 euros. Tamén se reduce o número de espectadores por representación en 125, aínda que se coloca en valores moi próximos a 2008.

O datos de danza difiren dos de xénero lírico. Por unha banda, aínda que se mantén o gasto medio por espectador en 5,9 euros e os espectadores por representación en 452, o número de funcións é de 77, é dicir, 14 menos que en 2012, ano no que por primeira vez na última década se baixaba das 100 funcións. Por outra banda, as funcións de danza recadaron 205 mil euros, 36 mil menos que o ano anterior.

No conxunto do Estado a tendencia é á baixa en ambas as dúas disciplinas artísticas, cunha perda na recadación de máis de 2,6 millóns de euros no xénero lírico e de 1,1 millóns de euros en danza. O gasto medio por espectador practicamente se mantén igual, tal e como se mostra nas seguintes táboas.

Recadación do xénero lírico e de danza (miles de euros). Comparativa total España-Galicia. Serie temporal 2007-2013

	Xénero lírico		Danza	
	Total España	Galicia	Total España	Galicia
2007	39 104	287	19 483	537
2008	41 790	290	18 482	490
2009	42 148	278	18 024	376
2010	37 230	194	14 750	339
2011	31 497	143	12 073	288
2012	25 533	101	10 326	241
2013	22 874	119	9 243	205

Fonte: SGAE. Anuario de las artes escénicas, musicales y audiovisuales.

Gasto medio por espectador (euros) en representacións de Xénero Lírico e Danza. Comparativa total España-Galicia. Serie temporal 2007-2013

	Xenero lírico		Danza	
	Total España	Galicia	Total España	Galicia
2007	31,6	11,6	11,8	12,7
2008	32,8	11,2	11,4	7,9
2009	35	10,8	12,2	5,9
2010	34,3	18,8	11,1	7,8
2011	31,8	12	10,2	6,3
2012	31,7	9,9	9,7	5,9
2013	31	9	9,7	5,9

Fonte: SGAE. Anuario de las artes escénicas, musicales y audiovisuales

A seguinte gráfica exhibe unha comparativa entre o gasto medio por espectador en representacións de xénero lírico e danza por cada comunidade autónoma.

Gasto medio por espectador (euros) en representacións de Xénero Lírico e Danza en 2013. Comparativa comunitaria



Fonte: SGAE. Anuario de las artes escénicas, musicales y audiovisuales.

As ensinanzas da danza correspóndense coas ensinanzas de réxime especial no sistema educativo español e os estudos están divididos en tres graos: elemental, medio ou profesional e superior. En Galicia só existen ensinanzas de grao elemental e medio.

Centros de ensinanzas da danza

	2007-2008	2008-2009	2009-2010	2010-2011	2011-2012	2012-2013
España	66	67	67	63	68	66
Galicia	5	5	5	5	5	4

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Estadística de las Enseñanzas no universitarias.

No tocante ao profesorado, Galicia perde un mestre de danza no curso 2012-2013. O cadro de persoal docente de danza ten certa estabilidade oscilando o número en un ou dous mestres segundo o curso académico. No conxunto do Estado rexistrouse un aumento de 25 efectivos acadándose os 1 065 profesores. Hai que ter en conta que o incremento no conxunto do Estado nos últimos seis cursos foi dun 7,36% mentres en Galicia foi do 9%.

Profesorado de ensinanzas da danza

	2007-2008	2008-2009	2009-2010	2010-20111	2011-2012	2012-2013
España	992	1 049	1 074	1 060	1 140	1 065
Galicia	33	35	34	37	37	36

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Estadística de las Enseñanzas no universitarias.

En canto ao alumnado, a comunidade galega experimenta unha evolución ascendente nos últimos tres cursos estudados e chega aos 343, aumentando en 15 o número de matrículas do curso 2011-2012. O total de España perde 1 012 alumnos respecto ao ano anterior, no que se superaban por vez primeira os 10 000 alumnos.

Alumnado matriculado en ensinanzas da danza

	2007-2008	2008-2009	2009-2010	2010-2011	2011-2012	2012-2013
España	7 509	8 283	8 349	8 435	10 078	9 066
Galicia	264	297	272	295	328	343

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Estadística de las Enseñanzas no universitarias

Entre 2007 e 2013 obsérvase, por unha banda, un aumento sólido do alumnado matriculado en grao medio que pasa de 68 a 171 alumnos, e por outra, certa estabilidade dende 2009 ata 2013 no grao elemental, aínda que no cómputo global dos seis cursos perde alumnos. Como se ve na seguinte táboa o alumnado matriculado en ensinanzas de danza grao elemental e grao medio está practicamente igualado.

Comparativa do alumnado matriculado en Ensinanzas Regradas da Danza, grao elemental e grao medio. Serie temporal 2007-2013

2007-2008 2008-2009 2009-2010 2010-2011 2011-2012 2012-2013

Elemental	196	208	173	169	174	172
Medio	68	89	99	126	153	171

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Estadística de las Enseñanzas no universitarias

Ao igual que sucedía no apartado das artes escénicas, segundo o Instituto Galego das Cualificacións, inclúense as profesións de danza e xénero lírico no sector de información e manifestacións artísticas. As principais profesións son coreógrafos e bailaríns. O número de contratados e contratos neste ámbito foi, no cuarto trimestre do 2014, como segue:

Número de contratos anuais e de persoas contratadas nas profesións das artes escénicas

Profesións	Contratados	Contratos anuais
Coreógrafos e bailaríns	153	708

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións. Observatorio Ocupacional.

Este grupo de contratacións ten unha baixa estabilidade ademais de contar cunha tendencia á baixa nos últimos nove trimestres. O perfil é feminino, cunha idade de 26 a 35 e da comarca de A Coruña.

O impacto económico das artes escénicas

Para a realización deste apartado partimos da análise do Sistema de Análise de Balances Ibéricos (SABI). Esta base de datos recolle os actos inscritos no Rexistro Mercantil das empresas. Seleccionáronse as empresas dedicadas ao teatro e á danza que son principalmente compañías profesionais privadas. Algunhas das empresas compaxinan a produción artística co ensino e a promoción de eventos escénicos.

En primeiro lugar procedeuse a comparar as empresas culturais coas teatrais e de danza. Cómpre salientar que os resultados dan conta da actividade de 32 empresas, o cal indica a pequena magnitude do sector e a tendencia a que a actividade das compañías de teatro e danza tende a constituírse maioritariamente en torno a entidades sen ánimo de lucro ou persoas físicas (autónomos).

Evolución das medias de tres indicadores económicos das empresas de teatro e danza e do total de empresas culturais

	Ingresos de explotación (mil EUR)	Resultado do Exercicio (mil EUR)	Total Activo (mil EUR)
2013			
Empresas culturais	515	-140	833
Empresas de teatro e danza	70	-7	73
2012			
Empresas culturais	553	-141	830
Empresas de teatro e danza	89	-3	83
2011			
Empresas culturais	652	-131	932
Empresas de teatro e danza	112	2	86
2010			
Empresas culturais	646	-109	887
Empresas de teatro e danza	120	2	90
2009			
Empresas culturais	659	-117	868
Empresas de teatro e danza	138	-2	87

Fonte: Sistema de Análise de Balances Ibéricos (SABI)

Os ingresos de explotación medios das empresas de teatro e danza situáronse nos 70 mil euros en 2013 fronte os 515 que ingresan de media as empresas culturais galegas. A distribución do indicador é irregular. Máis da metade das empresas ingresan menos de 50 000 euros e só un 20 % máis de 100 000. Tal e como se pode observar a media dos ingresos de explotación descendeu notablemente nos últimos anos. No caso das empresas de teatro e danza, a redución é sensiblemente superior ao 50%. O resultado económico tamén é negativo. O tamaño en activos é tamén moito menor no caso das empresas de teatro, que no último ano se sitúa en 73 000 euros de media.

Realizouse tamén unha análise de dous indicadores fundamentais da mesma mostra de empresas de teatro e danza, cos seguintes resultados:

Evolución de dous indicadores financeiros das empresas de teatro e danza

	2009	2010	2011	2012	2013
Rendibilidade económica (%)	-1	2	3	-5	-10
Endebedamento (%)	85	84	82	91	100

Fonte: Sistema de Análise de Balances Ibéricos (SABI)

Tal e como se pode comprobar, o descenso da rendibilidade económica significou un aumento do endebedamento nos últimos cinco anos para estas empresas. O ratio de endebedamento en 2013 sitúase no 100%.

Conclusións

O número de espazos escénicos estables en Galicia non sufriu apenas variación nos últimos anos. Non ocorreu o mesmo coas compañías de teatro que viron minguar o seu número dende 2009. Dentro de España, Galicia ocupa a quinta posición en número de compañías.

En 2013 houbo 1 495 funcións teatrais, o que supón unha baixada do número de representacións de practicamente a metade nos últimos cinco anos. No resto de España a tendencia é semellante. Na mesma liña descendente se comporta a afluencia de público. O número de espectadores empezou a baixar en Galicia no ano 2008 e cada ano é menor, agravándose en 2013, cunha caída en Galicia de 42 000 espectadores, iso si, os espectadores por función en Galicia supera a media estatal a partir de 2011.

Esta situación repercute loxicamente na recadación. Con todo, a comunidade galega experimenta unha baixada moderada en 2013 de 4 000 euros, unha cifra notablemente inferior á do ano anterior (77 000 euros). No que respecta ao gasto medio por habitante, os espectadores galegos desembolsaron en 2013 unha media de 6,7 euros en funcións teatrais, 0,7 euros máis que en 2012, pero 8,4 euros por debaixo da media estatal. Mentres que baixou o número de espectadores, aumentou o prezo das entradas. Nos últimos dous anos desapareceron en Galicia 10 festivais teatrais e 137 no conxunto do estado.

En canto ao alumnado de arte dramática, Galicia rompe en 2013 a tendencia dos últimos anos e baixa por primeira vez en 8 alumnos, aínda así o incremento do alumnado nos últimos seis cursos e do 79,1%.

O perfil das profesións do teatro é de persoas novas de entre 26 e 35 anos, cunha ocupación feminina dun 30%. A presenza do persoas novas é baixa neste sector cando se trata de postos de dirección. A estabilidade laboral é baixa, salvo no caso dos escenógrafos e decoradores de cinema, televisión e teatro.

No tocante á danza, pódese constatar que en Galicia a evolución do número de compañías aumenta paulatinamente entre 2007 e 2013, coa creación de 12 nestes sete anos. No que se refire ao número de espectadores, a evolución é negativa de xeito continuado no período estudado, coa excepción de 2013, onde houbo 8 representacións máis. Os datos do xénero lírico son positivos: houbo 8 representacións máis que en 2012, un aumento de 3 000 espectadores e unha recadación dun 15,1% máis.

Por último, as empresas de teatro e danza experimentaron unha evolución negativa dos seus ingresos de explotación cun aumento das perdas e un endebedamento moi alto.